

Mercedarios: a primeira ONG

Oito séculos redimindo cativos

JOAQUIM VENTURA

Cando hai unha necesidade colectiva, non adoita pasar moito tempo para que desde a sociedade apareza unha solución. E isto foi o que sucedeu hai oito séculos cando Pere Nolasco ou Pedro Nolasco (1180-1256) fundou en Barcelona a Orde de Santa María para a redención dos cativos, máis coñecida como Orde da Mercé ou Mercedarios. Comerciante de tecidos, viaxara por diversas terras, incluso as dominadas polo islam. Así coñeceu a situación dos cristiáns que nelas estaban cativos. Foi en Valencia cando, do seu peto, comezou a rescatar cristiáns cativos e ben axiña fundou diversos grupos para recadar esmolas para tal obxectivo.

Di a tradición que en 1218, cando Pedro Nolasco estaba no Puig, ás portas de Valencia, aparecéuselle a Virxe, quen tamén o fixo ao rei Xaime I (de dez anos daquela!). Aceptemos esta aparición da nai

de Xesús, baixo a advocación da mercé –facer unha boa obra a cambio de ren–, como arranque da empresa.

En 1235 o papa Gregorio IX aprobou a congregación e dotouna da regra de san Agostiño. Eran os seus membros cabaleiros e relixiosos, que recibían a consagración canónica do bispo de Barcelona e a investidura militar do rei. Foron os primeiros en concedela Berenguer de Palou II e Xaime I respectivamente. Amais dos tres votos monásticos (po-breza, castidade e obediencia), os mercedarios engañaban un cuarto, o chamado voto de sangue: disposición a intercambiarse cun cativo se non había maneira de ceibalo con diñeiro.

Á esquerda:
Colexio Mercedario (Verín).
Á dereita: o papa Gregorio IX.
Abaixo: imaxe da espiritualidade mercedaria.



No momento da súa fundación, as terras valencianas aínda eran musulmás. As razzas promovidas desde elas podían deixar un importante botín de cativos. E das poboacións en territorio cristián, eran Barcelona e as súas veciñas as máis expostas –por situación e comercio– a perder cidadáns a mans dos musulmáns. Foi co crecemento urbano cando apareceu capital monetario circulante, circunstan-

cia que permitiu pensar en rescates.

Non é estraño, polo tanto, que fose un comerciante quen collese conciencia do problema. Os cativos non eran soamente cristiáns: en tanto que moeda de troco, os captadores procuraban preferentemente cabaleiros ricos. Para rescatalos, os mercedarios percorrían o Mediterráneo cos seus hábitos brancos, o emblema da orde (a cruz da catedral barcelonesa e o sinal real: catro paus de goles e cinco amarelos) a maneira de salvoconduto, e as espadas cinguidas.

A congregación segue a observar na súa organización interna os dous reinos españois: as provincias de Aragón e de Castela, fundada esta en 1248, cando Nolasco acompañou a Fernando III na conquista de Sevilla e alí fundou a primeira casa en terras da coroa castelá. O labor mercedario de rescate de cativos –sen dúbida a máxima expresión da virtude cristiá da caridade: a entrega do propio corpo– mantívose ata mediados do século XVIII, cando desapareceu definitivamente a piratería no Mediterráneo, se ben aínda se prolongou uns anos máis, ata a desamortización. O balance: 80.000 redimidos en 344 redencións, todas elas documentadas (ao cabo, o rescate non deixaba de ser un acto mercantil). Nesa tarefa tiveron ben axiña o apoio da póla feminina, fundada tamén en Barcelona por María de Cerverelló: as súas oracións ían encamiñadas a que as expedicións de rescate tivesen boa viaxe e por iso é representada cunha nave nas mans.

Restaurada a congregación en 1880, o seu labor orientouse cara ao ensino



A tarefa principal dos mercedarios limitaba os gastos suntuarios da orde. Con todo, non esqueceron incorporar as artes ás súas casas. Da importancia que tivo a de Sevilla, la Merced Calzada, son proba os cadros (identificados once) que F. de Zurbarán pintou para ela. De xeito semellante, a Virxe da Mercé, como patroa da cidade de Barcelona, ten a súa basílica aínda fisicamente unida por un paso elevado ao edificio que foi convento mercedario (barrocos ambos) que desde 1846 acolle a capitanía xeral.

Casas e arte

En Galiza, atopamos o colexio de Verín, instalado en 1557 tras o seu traslado desde o castelo de Monterrei; tamén conservan desde finais do XIX os mosteiros de Poio (antes bieito) e da Magdalena, en Sarria (antes agostiño).

A póla feminina –as mercedarias descalzas (de clausura)– ten en Santiago un edificio so-

brio e singular, situado no Tránsito da Mercé, fronte á porta de Mazarelos. Comezado en 1671 por Diego de Romay por encargo do arcebispo Girón, na fachada luce o relevo da Anunciación, de Diego de Prado. A súa visión nocturna non deixa indiferente ao paseante. Canda o arco, saíndo á dereita, houbo hai uns anos unha casa de comidas cuxos donos no verán puñan fóra un par de mesas: o comensal que sentase nalgunha delas podía deixar pasar as horas admirando aquel mosteiro iluminado.

Restaurada a congregación en 1880, o seu labor orientouse cara ao ensino e, moi especialmente, cara á asistencia espiritual e humana de presos, incluso dos presos en cárceres non visibles (mulleres maltratadas, doentes sen recursos, familias desestruturadas). Hoxe, alén de congregación relixiosa, é unha ONG, como de feito sempre foi. A primeira ONG da historia.